

ESCOLAS DEPORTIVAS

Co ánimo de promover unha vida saudable a través da práctica do deporte entre os rapaces e rapazas do noso Concello e acadar habilidades nas diferentes especialidades deportivas, a comezos DE OUTUBRO iniciarase no noso Concello tres ESCOLAS DEPORTIVAS, nas modalidades de fútbol, balonmán e patinaxe.

As principais características de dita actividade son as seguintes :

- A actividade está dirixida a rapaces/as de entre 5 e 15 anos de idade (ambos inclusive).
- As clases desenvolveranse no pavillón polideportivo municipal e no campo de fútbol ao rematar a actividade lectiva do CPI de Rodeiro.
- Os días de desenvolvemento das escolas deportivas serán os seguintes :
 - ✓ Balonmán : luns, xoves e venres
 - ✓ Fútbol : luns e xoves
 - ✓ Patinaxe : mércores
- As clases serán gratuítas para todos os inscritos.
- O número mínimo de alumnos por modalidade deportiva será de 15. Non obstante, o Concello resérvase, no seu caso, a facultade de establecer máis grupos se o número de solicitudes supera o límite de alumnos inscritos.
- Para poder inscribirse ás actividades deberá cumprimentarse a folla de inscrición no modelo oficial que será facilitado no Concello, no Ximnasio Municipal ou poderá descargarse da web municipal no enlace anexo.
- O prazo límite de inscrición é ata o inicio das actividades.
- As follas de inscrición, debidamente cumprimentadas, deberán ser entregadas antes de dita data límite nas oficinas municipais do Concello ou no Ximnasio Municipal no seu horario de apertura.
- Para calquera consulta ou información complementaria poderán dirixirse ao monitor deportivo do Concello (Ovidio Aréan-Tfno. 600584515)